



Concello de Sarria

Prego de Prescripci3ns T3cnicas para a realizaci3n do Servizo de Socorrismo Acu3tico das Piscinas Municipais e a impartici3n dos cursos de nataci3n do Concello de Sarria para a tempada de ver3n do ano 2.017.-

Primeiro.- Obxecto do Contrato.-

O presente contrato ten por obxecto a prestaci3n dos servizos do servizo de Socorrismo Acu3tico das Piscinas Municipais e a impartici3n dos cursos de nataci3n do Concello de Sarria para a tempada de ver3n do ano 2.017.

A prestaci3n do obxecto do contrato queda supeditada 3a cumplimentaci3n de t3dalas esixencias requeridas polas autoridades sanitarias para a reapertura deste tipo de instalaci3ns.

Segundo.- SERVICIOS.-

Os servizos de socorrismo, deberase prestar ininterrompidamente t3dolos d3as da semana nos tres vases dos que disp3nen as instalaci3ns municipais no lugar de O Chanto, en horario de 12.00 horas a 21.00 os meses de xu3o, xullo e agosto e de 12.00 horas a 19:00 horas no mes de setembro, e durante o periodo comprendido entre o 19 de xu3o do 2.017, data prevista de apertura das instalaci3ns ata o d3a 10 de setembro do 2.017, data prevista de peche das mesmas. Poderase adiantar e/ou ampliar a data de apertura e de peche, xustificadamente e se as circunstancias o aconsellan, por parte da Administraci3n, en cuio caso o adxudicatario quedar3 obrigado 3a prestaci3n do servizo contratado nas condici3ns econ3micas e t3cnicas que figuran no contrato.

Os elementos de control ser3n os tres vasos que integran as instalaci3ns un deles destinado ao chapoteo infantil.

A impartici3n dos cursos de nataci3n constar3n de 3 grupos (aprendizaxe, iniciaci3n e perfeccionamento). Prestaranse entre as 12:30 horas e as 15:00 horas de luns a venres en quendas de media hora, os meses de xullo e agosto, divididos en catro quincenas. As clases impartiranse unicamente aos alumnos previamente inscritos no Concello, cuia relaci3n ser3 facilitada ao adxudicatario, polo que o monitor non permitir3 a asistencia a clase a quenes non se encontren correctamente inscritos. A impartici3n destes cursos incl3e o material necesario para a prestaci3n deste servizo, tales como tablas, manguitos, etc...

Para garantir a calidade das clases, o Concello establecer3 o n3mero m3ximo e m3nimo de inscrici3ns por grupo para que os cursos poidan ser realizados. O n3mero m3nimo de alumnos poder3 ser alterado a instancias do Concello en funci3n de criterios de interese de promoci3n da actividade en cuesti3n.

As actividades ser3n impartidas no horario e os grupos dispostos pola Administraci3n con anterioridade ao comezo da impartici3n dos cursos de conformidade coa demanda e dispoibilidade das instalaci3ns, sendo tal decisi3n obligatoria para o contratista.

A empresa adxudicataria estar3 obrigada a recuperaci3n das clases non impartidas nos datas e horas previstas; as datas e horarios de recuperaci3n, definiranse de forma consesuada entre o adxudicatario e o Concello.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

A Empresa obrígase a dispoñer, á súa costa, de tódolos recursos humanos necesarios para a prestación dos servizos contratados, sen prexuízo do disposto no presente prego respecto ao Socorrista vinculado ao Concello mediante unha relación laboral temporal. Todo o persoal deberá dispoñer das titulacións habilitantes e suficientes e dispoñer dos coñecementos necesarios para a súa correcta prestación.

O adxudicatario deberá formalizar unha póliza de seguro de responsabilidade civil en contía suficiente, que cubra calquera dano que se poida ocasionar ás persoas ou ás instalacións, incluída defunción. Copia desta póliza deberá ser presentada no Concello, con anterioridade ao inicio das actividades.

A empresa adxudicataria deberá designar a un representante como interlocutor co Concello, cunha dispoñibilidade mínima de unha hora semanal para realizar labores de coordinación coa Administración. dito interlocutor encargarse, entroutras das seguintes funcións:

- Coordina-los socorristas para a prestación dos servizos e os monitores para a impartición dos cursos obxecto de contratación.
- Servirá como interlocutor co Concello ante calquera incidencia que se puidese dar relacionado co servizo.
- Deberá poseer una titulación mínima relacionada coas actividades contratadas, ou no seu caso, demostrar unha experiencia mínima de 2 anos en actividades similares.

A empresa obrígase a que tanto os socorristas como os monitores vistan a indumentaria adecuada e nesta conste en lugar visible o termo "MONITORA" ou "MONITOR", e "SOCORRISTA" de forma que os usuarios da instalación poidan identificalos con facilidade.

Todo o persoal dependente do adxudicatario ao que lle corresponda a realización das actividades comprendidas no obxecto do contrato (incluído o voluntario no seu caso), deberá cumprir o requisito establecido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1.996 de 15 de enero, de Protección Jurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, introducido pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia.

O Concello quedará facultado para esixir da entidade adxudicataria a inmediata substitución de calquera empregado afectado de xeito sobrevenido polo incumplimento desta obrigaón.



Concello de Sarria

Terceiro: SOCORRISTAS:

O adxudicatario contratará exclusivamente ao seu cargo, en réxime de dereito laboral aos socorristas esixidos pola lexislación sectorial, os cales permanecerán nas instalacións perante todo o tempo en que estas se atopen abertas ao público, e deberán estar en posesión da titulación suficiente en materia de salvamento e socorrismo acuático.

Se algún ou varios destes socorristas realicen funcións de monitor-socorristas, conxugarán as dúas funcións e encargaranse da impartición de cursiños de natación, polo que deberán acreditar coñecemento e titulación necesario para o desempeño do seu posto.

En caso de incapacidade do seu persoal para prestar ditos servizos, a empresa contratada obrígase a busca-los seus substitutos debidamente cualificados. Neste suposto, o Concello seguirá mantendo a relación contractual coa empresa que é quen contraerá as obrigas de todo tipo co substituto.

Esixiráselles dos socorristas o perfecto cumprimento das súas obrigas durante o seu exercicio profesional. En caso de disconformidade por parte dos representantes do Concello, en relación co traballo realizado por algún dos seus socorristas, estes poderán solicita-lo remplazo de dito profesional por outro da empresa contratada.

O Concello, poñerá a disposición do adxudicatario, as instalacións anexas que estimen necesarias para a prestación dos servizos e actividades, e como mínimo dun vestuario con taquillas.

Terase en consideración o feito de que a prestación do servizo de socorrismo deberá compatibilizarse co servizo que se preste polo Socorrista vinculado ao Concello de Sarria, mediante unha relación laboral temporal perante os meses de Xullo e Agosto, sen que se poida considerar en ningún caso e en ningún momento que este último teña vinculación algunha coa empresa adxudicataria, nen que se produza o seu traspaso á empresa adxudicataria ao remata-lo seu contrato laboral.

A tales efectos o persoal da empresa adxudicataria deberá leva na súa uniformidade o logotipo da empresa adxudicataria, e en contraposición co mesmo o Socorrista con contrato laboral co Concello levará na súa uniformidade o logotipo do Concello de Sarria

Será responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo, pero non así para o Socorrista vinculado ao Concello, que será quen estea obrigado a facilitarlle este material. Do mesmo xeito establécense expresamente as diferentes directrices respecto do persoal da empresa adxudicataria e ao Socorrista vinculado ao Concello, en orde á responsabilidades da empresa, impartición de todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices, vixiancia do horario de traballo dos traballadores, substitucións, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

Cuarto: MONITORES:

O adxudicatario poñerá a disposición do Concello, ao seu cargo, dun ratio de

Concello de Sarria



Concello de Sarria

monitores suficiente para a correcta prestación dos servizos de impartición dos cursiños de natación definidos no apartado primeiro do presente prego de prescricións técnicas e deberán contar cos coñecementos e titulacións necesarios para o desempeño do posto.

Os monitores, deberán mante la disciplina necesaria para impartir a súas clases sen que os seus alumnos molestes a outros usuarios, cumprindo e facendo cumpli-las normas da instalación.

Esixirasélles dos monitores o perfecto cumprimento das súas obrigas durante o seu exercicio profesional. En caso de disconformidade por parte dos representantes do Concello, en relación co traballo realizado por algún dos seus monitores, estes poderán solicita-lo remplazo de dito profesional por outro da empresa contratada..

En caso de incapacidade do seu persoal para prestar ditos servizos, a empresa contratada obrígase a busca-los seus substitutos debidamente cualificados. Neste suposto, o Concello seguirá mantendo a relación contractual coa empresa que é quen contraerá as obrigas de todo tipo co substituto.

Quinto: Normativa sectorial de aplicación en materia de instalacións acuáticas:

A mero modo enunciativo, e non excluínste respecto doutras disposicións que lle puidesen resultar de aplicación, substancialmente, vén recollida pola seguinte lexislación:

- a) Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico - sanitaria de piscinas de uso colectivo.
- b) Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de las piscinas.
- c) Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.
- d) Decreto 104/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustizapolo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia coas modificacións introducidas polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo
- e) ORDE do 14 de maio de 2012, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustizapola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sarria na data que dixitalmente se fai refrexar ao marxe
O CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES
(Documento asinado dixitalmente)